

COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO
Manuel Fernández Jauregui, Xerente (excusa a súa asistencia)
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa Sección Emprego e Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE
Luis Pérez Gómez, (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA
Marcos Estévez Orge, (CC.OO.)
Ángel Torreiro Varela (UXT)
J. Andrés Zapirain Fernández (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO
José Santiago Santos García, (UXT)
Xoan Cebro Rodríguez, (CIG)
María Fariza Novoa (CC.OO.)

Acta da reunión celebrada ás 11 horas do 6 de maio de 2011, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia, coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta do 3.12.10 (que continuou o 9.12.10)
2. Proposta convocatoria contratación temporal TE apoio FIE
3. Proposta convocatoria contratación temporal TM apoio FIE
4. Proposta convocatoria contratación temporal TS apoio FIE
5. Informe contratación temporais
6. Aplicación do acordo na xestión de listas de agarda
7. Rogos e preguntas.

O Vicexerente de Recursos Humanos desculpa a non asistencia do Xerente. J.A. Zapirain tamén desculpa a inasistencia de Ángel Torreiro, quen se incorpora máis tarde á reunión.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 3 DE DECEMBRO DE 2010 (CONTINUACIÓN O 9 DE DECEMBRO DE 2010).

O Vicexerente de Recursos Humanos pide desculpas pola tardanza no envío da acta anterior, ao que Luis Pérez recorda que se quedara en enviar as actas en 48 horas.

En relación ao seu contido Luis Pérez solicita que se modifique na páxina 6 de xeito que recolla: "Por iso reitera que acepta a aplicación que se está a facer ata a entrada en vigor das novas listas de agarda".

J. A. Zapirain solicita que se modifique a acta anterior na páxina 6 no sentido de que sinalou que esta comisión non ten capacidade negociadora polo que non pode desvirtuar o que establece o acordo. Non quería denunciar o acordo publicado senón as resolucións ou decisións que non se adapten ou sexan contrarias ao establecido en dito acordo.

En canto ao resto da acta apróbase por unanimidade.

2. PROPOSTA CONVOCATORIA CONTRATACIÓN TEMPORAL TÉCNICO ESPECIALISTA DE APOIO FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que se pode tratar conxuntamente cos puntos 3 e 4, xa que se trata de creación de prazas para a área de Formación e Innovación Educativa, dúas en Vigo (técnico superior e especialista) e unha en Ourense (técnico medio) para a realización de funcións relacionadas coa adaptación dos procesos de formación para docentes no ámbito de Espazo Europeo de Educación Superior. Parte de estas funcións se estaban realizando a través de contratos de asistencia técnica, modo de actuar que a Xerencia quere eliminar substituíndoo por convocatorias que garantan a igualdade, mérito e capacidade na selección.

A continuación entrega unha documentación para substituír unha parte da enviada aos membros.

Luis Pérez considera que nesa cuestión conflúen dous temas: a creación de prazas na RPT do PAS laboral e as convocatorias dos procesos de selección, e como o primeiro non se planteou onde corresponde, que non é esta comisión, non vai entrar na segunda cuestión e polo tanto solicita que se retiren da orde do día.

Marcos Estévez indica que a aprobación de prazas fóra de RPT debe levarse á Comisión de Política de Emprego, polo que está de acordo con Luis Pérez.

Nos mesmos termos se expresa JA Zapirain.

Xoan Cebro quere que conste en acta que como a UVI ten dificultades no ámbito económico, e o PAS funcionario é xeneroso, propón suprimir cinco prazas da RPT do PAS funcionario no campus de Ourense para ter cartos para estas prazas e para o PDI.

O Vicexerente de Recursos Humanos entende que non enviou o informe de necesidade e retira os puntos 2, 3 e 4 da orde do día, e estudar cando e onde reformular este asunto.

Luis Pérez e Xoan Cebro solicitan que se remitan os informes de peticións de persoal por encima da RPT para poder ter unha visión global das necesidades de persoal á hora de estudar a nova RPT.

Xoan Cebro, a demais, indica que o regulamento do PAS, que na súa opinión aínda está en vigor, regula que na Comisión de Política de Emprego deben levarse os informes de peticións de prazas por fora da RPT.

5. INFORME SOBRE CONTRATACIÓNS TEMPORAIS.

Luis Pérez pregunta qué criterio se seguiu para cubrir unha praza de ATSX no campus de Pontevedra, por concedérselle ao seu titular un permiso de 15 días para campaña electoral nas eleccións locais e non cubrir a vacante xerada no campus de Ourense polo ATSX trasladado.

José Fernández Viña e Margarita González informan que a administradora, unha vez que consultou a situación da área de servizos xerais do edificio de Facultades, aceptou que por ter esta curta e limitada duración podían atender o servizo cos efectivos existentes.

O Vicexerente de Recursos Humanos engade que a cobertura no campus de Pontevedra viña esixida polo feito de que era a única persoa de tarde e non dispuña no centro de técnico especialista de servizos xerais.

Luis Pérez pregunta por qué os contratos de apertura de bibliotecas de fin de semana ou nocturnas non se lles ofertan aos ATSX fixos que teñen solicitado traslado de campus.

José Fernández Viña explica que estes contratos ademais da súa periodicidade teñen outras peculiaridades que obrigan a tramitalos dunha forma singular, por exemplo cando o período de apertura se estende en dous meses con xornadas distintas, por exemplo o ano pasado cando cubriron xuño e xullo; estes contratos teñen xornadas especiais distintas á ordinaria do convenio para o persoal fixo, o salario é inferior..., é dicir, que poderíamos estar ante modificacións substancial das condición de traballo.

Xoan Cebro insta a reflexionar sobre a situación das persoas da lista de agarda ás que se lles ofertan contratos a tempo parcial (para substitución de reducións de xornadas) en localidades distintas á de residencia habitual, xa que podería non compensarlles economicamente, polo que opina que podería considerarse causa xustificada de rexeitamento.

Ante esta situación fórmulanse diferentes alternativas: María Fariza expón que podería tipificarse entre as causas xustificadas de renuncia; Santiago Santos indica que habería que establecer cál é a xornada mínima que non suporía un gasto para o traballador; Marcos Estévez apunta a posibilidade de que se lles oferten contratos a tempo completo (independentemente da duración) como mellora de contrato. Se sinala tamén o problema das distancias: que localidades de residencia habería que tomar como referencia en relación con cada campus.

O Vicexerente de Recursos Humanos dí que quere estudar as distintas alternativas para que a variabilidade de casos sexa a menor posible.

Xoan Cebro expón o caso dunha funcionaria de carreira con destino definitivo en Vigo e localidade de residencia en Ourense que quere intercambiar o seu posto cun funcionario interino por substitución en Ourense e que ten residencia en Vigo. Dí que o cambio entre eles non provocaría ningún prexuízo a ninguén. María Fariza está de acordo en estudar esta posibilidade.

O Vicexerente de Recursos Humanos comprométese a estudalo.

6. APLICACIÓN DO ACORDO NA XESTIÓN DE LISTAS DE AGARDA.

O Vicexerente de Recursos Humanos retoma a cuestión da aplicación do *Acordo de selección temporal, acceso interno e adscrición provisional*, tratada tamén nas últimas reunións, no relativo a que se acordara aplicalos cando se incorporasen os aspirantes dos procesos selectivos convocados.

Luis Pérez e Marcos Estévez instan que se así se faga. X. Cebro esixe que as listas de PAS funcionario se continúen xestionando como se viña facendo ata a incorporación dos candidatos das convocatorias que aínda non remataron.

Luis Pérez e Marcos Estévez requiren que para o PAS laboral se aplique o Acordo publicado.

X. Cebro e M. Fariza instan a que se difira esta aplicación para o PAS funcionario ata a incorporación dos correspondentes candidatos/as seleccionados no proceso en curso. S. Santos indica que persoalmente coincide pero deberá tratarse na Xunta de Persoal.

O Vicexerente de Recursos Humanos, recollendo o sentir unánime dos representantes do PAS Laboral di que para o PAS laboral aplicarase o Acordo e para ao PAS funcionario non, á espera de que a Xunta do PAS funcionario comunique a súa decisión.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ángel Torreiro e Xoán Cebro solicitan que se traten na Comisión de Política de Emprego os informes que xustifican as contratacións e creación de prazas por fora da RPT e que despois as bases das convocatorias de contratación temporal se estuden na Comisión de Seguimento do Acordo de selección temporal, acceso interno e adscrición provisional.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.